

ARTESANÍA DE GALICIA

axudas 
actuacións 



XUNTA DE GALICIA





AXUDAS DIRIXIDAS AO SECTOR ARTESANAL



Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio aos talleres artesanais



Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio ás asociacións profesionais de artesanía

1 Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio aos talleres artesanais



Orde do 28 de maio de 2007 (DOG 104 do 31 de maio de 2007)

● PERSOAS BENEFICIARIAS

Artesáns titulares de talleres artesanais

● OBXECTO

Fomento e desenvolvemento do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do apoio aos talleres artesanais. Os programas concretanse nas seguintes liñas de actuación:

- A) *Obras que se destinen á creación e posta en funcionamento de novas instalacións, así como á mellora, ampliación ou modernización das xa existentes*, e dentro desta epígrafe atenderanse ás obras de reforma, rehabilitación, acondicionamento de locais produtivos e obras de nova construción, que deberán cumprir cos requisitos esixidos legalmente en cada caso. Só serán obxecto de subvención as obras realizadas no interior dos obradoiros.
- B) *Proxectos de innovación no proceso produtivo*. Dentro desta epígrafe subvencionarase a adquisición dos seguintes equipamentos, que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso:
 - Adquisición en réxime de propiedade de maquinaria, ferramentas e equipo auxiliar propio do exercicio dunha actividade artesanal, que serán de fabricación externa cualificada.
 - Equipamentos para procesos de informatización, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante, propios das características da actividade artesanal e instalacións de deseño asistido por ordenador.
- C) *Divulgación e promoción de produtos artesanais*, a través do:
 - Deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, en papel, magnéticos, o CD/DVD, a edición de material impreso, audiovisual, sobre produción artesanal, especificamente concibidos e dirixidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesanais.
 - Gastos de deseño, creación e contratación de dominio para páxina web do taller.
 - Deseño de envase e embalaxes de produtos artesáns.

- D) *Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional.*
Atenderanse os:
- Gastos que ocasionen os espazos que se contraten, aluguer ou construción da caseta e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica, vixilancia, contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como de publicidade e publicacións relacionadas con esta participación.
 - Adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais.
- E) *Gastos de inscrición en programas formativos de especialización profesional que teñan relación coa súa actividade, cun máximo de dous asistentes por obradoiro.*
As actividades de formación non poderán ter unha duración superior a 100 horas, o número máximo de accións formativas por participante será de dúas.
- F) *Accións encamiñadas á incorporación do deseño ás novas liñas de produto,* mediante a colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan esta actividade a título principal, atenderanse os:
- Custos externos derivados da realización de proxectos de deseño de produto. Consideraránse os honorarios dos consultores de deseño, así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.
- G) *A contratación en prácticas, por parte de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de traballadores desempregados inscritos no momento da contratación no Servizo Público de Emprego, que non tivesen relación laboral coa empresa a través dun contrato de igual modalidade.*
- H) *Alta na Seguridade Social de novos artesáns/ás.*

Subvención

Poderá acadar o 55% do investimento subvencionable alí onde non estea establecido un límite porcentual de subvención, cun máximo de 30.000 euros por entidade para a suma de todas as tipoloxías de axudas concedidas.

Programa de fomento do sector artesanal galego a través do apoio ás asociacións profesionais de artesanía



Orde do 25 de maio de 2007 (DOG 105 do 1 de xuño de 2007)

● PERSOAS BENEFICIARIAS

Asociacións profesionais de artesáns/ás que acrediten a inscrición dun mínimo de vinte artesáns no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

● OBXECTO

Fomento e desenvolvemento do sector artesán galego na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio ás asociacións profesionais do sector. Os programas concréntanse, entre outras, nas seguintes liñas de actuación:

- A) *Obras que se destinen á mellora, ampliación ou modernización dos locais xa existentes.* Dentro desta epígrafe atenderanse:
 - Obras de reforma, rehabilitación, acondicionamento de locais asociativos. Só serán obxecto de subvención as obras realizadas no interior dos locais, que deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos esixidos legalmente.
- B) *Investimentos en equipamento, mellora da loxística e das comunicacións.* Dentro desta epígrafe subvencionarase:
 - Adquisición de equipamento para procesos de informatización, que deberán ser, en todo caso, de primeiro uso, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante.
 - Creación de redes de comunicación que posibiliten a interconexión en rede das asociacións entre si ou cos seus artesáns, así como con outros organismos ou centros de xestión directamente relacionados co sector da distribución comercial, e que fomenten o labor de asesoramento e a posta en funcionamento de plataformas que faciliten o comercio electrónico.
 - Proxectos de creación e consolidación de agrupacións e central de compras e servizos, estudos previos sobre a súa viabilidade e a súa posta en funcionamento, e plans de accións realizados por empresas especializadas avaladas polo seu currículo e a experiencia na materia que deberá demostrar documentalmente.

- C) *Divulgación e promoción de produtos artesanais*, a través de:
- Deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, en papel, magnéticos ou CD/DVD, a edición de material impreso e audiovisual sobre produción artesanal, especificamente dirixidos e concibidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesanais.
 - Os gastos de deseño, creación e contratación de dominio para páxina web.
 - O deseño de envases e embalaxes de produtos artesanais.
- D) *Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional*. Dentro desta epígrafe subvencionaranse:
- Os gastos que ocasionen os espazos que se contraten, alugamento ou construción da caseta e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica, vixilancia, contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como publicidade e publicacións relacionadas con esta participación.
 - A adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais.
- E) *Incorporación do deseño ás novas liñas de produto*, mediante a colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan esta actividade a título principal. Téñense en conta nesta epígrafe:
- Os honorarios dos consultores de deseño así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.
- F) *Actuacións específicas realizadas polas asociacións profesionais de artesáns/ ás* tales como: actividades de información e orientación comercial, creación de gabinetes de asistencia técnica, organización de conferencias, xornadas técnicas, mesas redondas, entre outras actuacións, orientadas e deseñadas en liña coas características e especificidades do sector artesanal e encamiñadas ao fomento e desenvolvemento deste.

Subvención

A porcentaxe de subvención poderá acadar ata o 70% do investimento subvencionable aprobado pola Dirección Xeral de Comercio.



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ACTUACIÓN S 2007

- * Proxectos
- * Exposicións
- * Participación en feiras e eventos
- * Formación

PROXECTOS

Incorporación do deseño ao sector artesanía III

Traballo de investigación histórica e técnica para a recuperación da identidade do encaixe galego

Visitas de prospección a feiras internacionais

EXPOSICIÓNS

Exposición de pezas da Colección de Artesanía de Galicia- Mostra do Encaixe de Palillos

Exposición D´artes II para feira primavera

Exposición de pezas da Colección de Artesanía de Galicia- Culturalgal

Exposición de pezas da Colección de Artesanía de Galicia- Mostra de Olaría de Buño

Exposición itinerante de Tornaría

PARTICIPACIÓN EN FEIRAS E EVENTOS

Mostra de do Encaixe (Camariñas)

Feira Primavera (Santiago de Compostela)

Feira de Artesanía de Ourense (Ourense)

XXV Feira de Artesanía de Ponteceso (Ponteceso)

Mostra Olería de Buño 2007 (Malpica de Bergantiños)

Mostrart (A Coruña)

Ofeitoaman (Vigo)

VII Encontro de torneiros (Xermade)

FORMACIÓN

Listaxe de cursos organizados pola Fundación dirixidos a todos os artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

CURSOS

PERFECCIONAMENTO DE CESTARÍA TRADICIONAL

Código: [1101](#) Data: [7 de maio](#) Horas: [40](#) Lugar: [Bergantiños](#)

PERFECCIONAMENTO DE CESTARÍA ARTÍSTICA

Código: [1102](#) Data: [8 de maio](#) Horas: [36](#) Lugar: [Bergantiños](#)

CURSO DE DESEÑO E PICADO I

Código: [7001](#) Data: [11 de maio](#) Horas: [340](#) Lugar: [Vimianzo](#)

ELABORACIÓN DE TRAXES TRADICIONAIS

Código: [1001](#) Data: [14 de maio](#) Horas: [50](#) Lugar: [Ourense](#)

CESTARÍA DE LÁMINAS

Código: [5001](#) Data: [14 de maio](#) Horas: [25](#) Lugar: [Monforte](#)

RETACERÍA

Código: [1003](#) Data: [16 de maio](#) Horas: [50](#) Lugar: [Ourense](#)

TÉCNICAS DE ELABORACIÓN DE ENCAIXE: PUNTOS BÁSICOS

Código: [4001](#) Data: [16 de maio](#) Horas: [50](#) Lugar: [Quintáns](#)

TÉCNICAS DE ELABORACIÓN DE ENCAIXE: PERFECCIONAMENTO

Código: [4002](#) Data: [16 de maio](#) Horas: [50](#) Lugar: [Quintáns](#)

NOVOS DESEÑOS DE ENCAIXE (ACTUALIZAR CARTÓNS, NOVOS PUNTOS)

Código: 4003 Data: 16 de maio Horas: 50 Lugar: Muxía

PICADO DE MODELOS

Código: 4005 Data: 16 de maio Horas: 50 Lugar: Muxía

RESTAURACIÓN NA TALLA E ESCULTURA EN PEDRA

Código: 1004 Data: 21 de maio Horas: 50 Lugar: Barbadás

COREL DRAW APLICADO A ENCADERNACIÓN

Código: 3001 Data: 2 de xuño Horas: 50 Lugar: Bertamiráns

TALLA EN MADEIRA MÓDULO 1

Código: 5004 Data: 4 de xuño Horas: 45 Lugar: Monforte

TORNEADO ARTESANAL DE MADEIRA E POLICROMADO

Código: 1206 Data: 6 de xuño Horas: 40 Lugar: Vilamateo

BORDADO A MAN

Código: 4004 Data: 11 de xuño Horas: 50 Lugar: Muxía

APLICACIÓNS DE ENCAIXE PEZAS DE REGALO E FOGAR

Código: 4006 Data: 11 de xuño Horas: 50 Lugar: Muxía

TALLA EN MADEIRA

Código: 1002 Data: 20 de xuño Horas: 50 Lugar: Ourense

TALLA EN MADEIRA MÓDULO 2

Código: 5005 Data: 20 de xuño Horas: 45 Lugar: Sarria

CLASES DE PERFECCIONAMENTO DO ENCAIXE TRADICIONAL GALEGO

Código: 9003 Data: 29 de xuño Horas: 40 Lugar: O Barco de Valdeorras

CALIGRAFÍA

Código: 1202 Data: 9 de xullo Horas: 35 Lugar: A Coruña

CURSO DE PERFECCIONAMENTO DAS TÉCNICAS DO ENCAIXE DE MILÁN

Código: 9002 Data: 16 de xullo Horas: 50 Lugar: Ourense

INTRODUCCIÓN Á FABRICACIÓN DE PAPEL

Código: 1203 Data: 16 de xullo Horas: 16 Lugar: Vimianzo

CESTARÍA DE PALLA

Código: 5002 Data: 3 de setembro Horas: 25 Lugar: Monforte

RESTAURACIÓN TÉXTIL

Código: 8001 Data: 3 de setembro Horas: 50 Lugar: Gondomar

TÉCNICAS DE TECIDOS CON PLUMAS

Código: 8005 Data: 10 de setembro Horas: 50 Lugar: Lugo

REALIZACIÓN DE MATRICES EN MOLDE DE XESO

Código: 8003 Data: 17 de setembro Horas: 50 Lugar: Mos

TÉCNICAS DECORATIVAS DE COR EN COIRO

Código: 1205 Data: 21 de setembro Horas: 40 Lugar: A Coruña

TÉCNICAS DE FUNDICIÓN ARTÍSTICA MÉTODOS ALTERNATIVOS DE FUNDICIÓN

Código: 1207 Data: 24 de setembro Horas: 45 Lugar: Santiago

RAKÚ III

Código: 5003 Data: 1 de outubro Horas: 50 Lugar: Monforte

TÉCNICAS DE INCRUSTE I

Código: 6001 Data: 1 de outubro Horas: 35 Lugar: Camariñas

CURSO DESEÑO E PICADO II

Código: 7002 Data: 1 de outubro Horas: 30 Lugar: Vimianzo

FAIXAS TECIDAS

Código: 8004 Data: 1 de outubro Horas: 50 Lugar: Gondomar

ENCAIXE MODERNO

Código: 7003 Data: 5 de outubro Horas: 50 Lugar: Vimianzo

CURSO PERFECCIONAMENTO DAS TÉCNICAS DE ENCAIXE ALEMÁN DE SCHNNEBERGER

Código: 9001 Data: 12 de outubro Horas: 50 Lugar: Ourense

TINGUIDO DE FIBRAS DE LA, LIÑO E SEDA

Código: 8006 Data: 15 de outubro Horas: 50 Lugar: Gondomar

TÉCNICAS DE INCRUSTE II

Código: 6002 Data: 16 de outubro Horas: 35 Lugar: Camariñas

FOTOGRAFÍA APLICADA A ARTESANÍA

Código: 1204 Data: 27 de outubro Horas: 12 Lugar: A Coruña

DESEÑO TÉXTIL

Código: 8002 Data: 5 de novembro Horas: 50 Lugar: Gondomar

CESTARÍA

Código: 1201 Data: 5 de novembro Horas: 40 Lugar: Santiago



INFORMACIÓN

981 999178

981 545556

www.conselleriaiei.org

dxcmr.artesania@xunta.es



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Comercio



981 999178 | 981 545556
dxcmr.artesania@xunta.es
www.conselleriaiei.org